



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS SOBRE A REANUDACIÓN DO PRAZO DE SOLICITUDE DE HABILITACIÓN PARA IMPARTIR DOCENCIA NOS CENTROS PRIVADOS.

O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, publicado no BOE número 67, do 14 de marzo, declarou o estado de alarma en todo o territorio nacional co fin de facer fronte á situación de emerxencia sanitaria provocada pola COVID-19.

En aplicación do recollido na disposición adicional terceira do devandito real decreto, así como no apartado sétimo do Acordo do Centro de Coordinación Operativa (Cecop) do 15 de marzo, mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público de Galicia como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19, suspendeuse o prazo para a presentación de solicitudes do procedemento de habilitacións para impartir docencia nos centros privados.

O artigo 9 do Real Decreto 537/2020, do 22 de maio, establece que, con efectos do 1 de xuño de 2020, se reanuda o cómputo dos prazos administrativos que foran suspendidos.

De conformidade co establecido no apartado décimo cuarto da Orde do 3 de xuño de 2011 pola que se desenvolve a normativa para o exercicio da docencia nos centros privados nas ensinanzas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional e se establece o procedemento de habilitación, se superporían dous prazos de solicitude de habilitacións para centros privados: a reanudación do prazo suspendido no mes de marzo e o prazo ordinario do mes de xuño. Resulta razoable establecer para estas dúas convocatorias un único prazo e desprazalo a un momento no que non se produza unha aglomeración de reinicio dos prazos.

Tendo en conta o exposto, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

ACORDA.

Primeiro. Novos prazos do procedemento de solicitude de habilitación para impartir docencia nos centros privados

O prazo para a presentación de solicitude de habilitación para impartir docencia nos centros privados reanuda o 22 de xuño de 2020 e remata o 10 de xullo de 2020.

Segundo. Publicación

Esta resolución publicarase na páxina web da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela,

Director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

